


Grupo Municipal
Concello de Ames



MOCIÓN PARA A PROMOCIÓN E O FOMENTO DA LIBRE CONCORRENCIA DE EMPRESAS NOS PROCEDIMENTOS NEGOCIADOS.

Santiago V. Amor Barreiro, voceiro do Grupo Municipal Popular no Concello de Ames, en nome e representación do mesmo e ao abeiro do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 1986, eleva ao Pleno da Corporación para o seu debate a seguinte MOCIÓN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A *Ley 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Publico*, no seu artigo 122 expón moi claramente que as adjudicacións dos contratos públicos se deben realizar, ordinariamente, utilizando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido.

Neste sentido, na subsección 1ª referente aos supostos de aplicación da lei, os artigos 154 ao 159 fan referencia aos termos que se establece para cada tipo de contrato e as adjudicacións mediante procedemento negociado fixando os condicionantes requiridos segundo sexan contratos de obras, de subministración, de xestión de servizos públicos, servizos etc.

De igual xeito, o artigo 164, fixa os supostos de aplicación en canto ao diálogo competitivo.

Os límites fixados nesta normativa para os procedementos negociados teñen que ser inferiores aos 100.000 € (art. 158 apartado e), cando a contía máxima sexa inferior aos 60.000€, os pregos non contemplarían a publicación dun anuncio da licitación.

A normativa establece que no procedemento negociado será preciso solicitar ofertas, cando menos, a tres empresas, sempre que sexa posible.

Como se pode observar, a filosofía desta normativa expresa na súa redacción, unha recomendación mínima de 3 empresas, polo tanto, nada impide que o número de invitacións sexa superior porque se trata dun texto onde tan só fixa mínimos.

Neste, e noutros artigos, a lei establece claramente que os procedementos deberán ter como obxectivo contribuír e garantir a competencia efectiva dos participantes nos procedementos (negociados e sen publicidade da licitación) e como consecuencia, velar polo beneficio dos intereses municipais.


Á ATENCIÓN DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular propón á consideración do Pleno a seguinte

MOCIÓN

1. Confección dunha base de datos na que figuren clasificadas as empresas por sector, tipo de actuacións que realiza, actividade etc.
2. Xa que nada impide que o número de invitacións sexa superior as reguladas na Lei e coa seguridade de que se contribuirá a garantir a competencia efectiva dos participantes e o beneficio dos intereses do noso concello, propoñemos que cando se soliciten ofertas, se invite ao maior número posible de empresas relacionadas coa actuación que se pretenda realizar.
3. Co fin de potenciar as empresas de Ames, reactivar a actividade económica e manter, e si é posible crear, postos de traballo no noso concello, e sempre que sexa posible, se solicitarán preferentemente ofertas a empresas que teñan actividade no Termo Municipal de Ames nunha proporción de al menos o 50%

En Ames a 18 de abril de 2009



Asinado: Santiago V. Amor Barreiro

Voceiro Municipal do Grupo Popular no Concello de Ames

Á ATENCIÓN DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES